



Concello de Oza-Cesuras

DECRETO DO ALCALDE

ANTECEDENTES:

O Concello de Oza-Cesuras está a realizar o proceso de selección para a contratación con carácter urxente en réxime de persoal laboral temporal dun auxiliar administrativo substituto adscrito ao punto limpo, con funcións eventuais de peón de mantemento das instalacións durante as vacacións da titular a desfrutar dende o 26 de febreiro ata o 11 de marzo de 2020 (ambos incluídos) que se desenvolverán o día 26 de febreiro en horario de 15 a 19 horas e os restantes días de luns a venres en horario de 10 a 14 horas.

CONSIDERACIÓNS:

No apartado 5 das Bases que han de rexer para a dita provisión establécese que rematado o prazo de presentación de instancias, a partires das 15:00 horas, dictarase resolución declarando aprobada a listaxe de admitidos e excluídos, resolución que tamén poderá publicarse na páxina web do concello sen carácter preceptivo, e que deberá conter a composición nominal do órgano ou tribunal seleccionador, integrado por catro persoas, tanto titulares como suplentes que se encargará de levar a cabo o proceso selectivo e o lugar, data e hora de comezo dos exercicios e, de ser o caso, a orde de actuación dos aspirantes.

Considerando o disposto no artigo 21.1 g) da lei 7/1985 de 2 de abril.

Por todo isto, esta Alcaldía RESOLVE:

1. Aprobar a listaxe de admitidos e excluídos no proceso:

Listaxe de admitidos no proceso de selección para a contratación laboral dun auxiliar administrativo adscrito ao punto limpo, con funcións eventuais de peón de mantemento das instalacións durante as vacacións da titular a desfrutar dende o 26 de febreiro ata o 11 de marzo de 2020 (ambos incluídos) que se desenvolverán os martes, mércores, xoves e venres en horario de 15 a 19 horas os sábados de 10 a 14 horas:

APELIDOS E NOME	DNI
ROCHA GARCIA, ANTONIA	***9443**
TORRECILLA RUIZ, SARAI	***6038**

2. Establecer a composición do tribunal:

Presidenta: María Belén García Otero, funcionaria do Concello de Oza-Cesuras.

Secretario: José C. Sánchez Presedo, Secretario-interventor do Concello de Oza-Cesuras.

2 Vogais:

- Pablo Vidal Ferreño, funcionario do Concello de Oza-Cesuras.
- José Manuel López Fraga, persoal laboral do Concello de Oza-Cesuras.

Suplentes:

- María Teresa Saavedra Cruz, funcionaria do Concello de Oza-Cesuras.

3. Tendo en conta a imposibilidade de levar a cabo o proceso selectivo o vindeiro luns 24 de febreiro de 2020, esta Alcaldía acorda que o mesmo se leve a cabo o vindeiro mércores 26 de febreiro entre as 9 e as 14 horas, modificando polo tanto:

3.1.- A base oitava relativa á resolución do procedemento de xeito que o proceso selectivo se leve a cabo o mércores 26 de febreiro na sede municipal de Oza dos Ríos no horario establecido:

- 9:00 horas, valoración da experiencia laboral.
- 10:30 horas, exame tipo test.





Concello de Oza-Cesuras

- 12:15 horas, proba práctica.
- 14:00 horas, entrevista.

3.2.- A base novena relativa á presentación da documentación da aspirante proposta que deberá presentarse antes das 14:45 horas do mércores 26 de febreiro de 2020.

4.- En consecuencia, de conformidade co establecido na base 7 das que rexen a contratación, o tribunal seleccionador deberá constituirse mañá mércores 26 de febreiro ás 9:00 horas na Casa do Concello.

5. Convocar aos aspirantes admitidos no proceso, para que comparezan na Casa do Concello de Oza-Cesuras, sita en Lois, 33 – Oza ás 10:30 horas dese mesmo día, 26 de febreiro de 2020 para a celebración do da primeira as probas da fase de oposición, consistente nun exame tipo test sobre as materias relacionadas co temario anexo ás bases, á que deberán acudir provistos/as do DNI.

En Oza-Cesuras, na/s data/s da/s sinatura/s electrónica/s.

O ALCALDE,

Asdo.- J. Pablo González Cacheiro

Dou fe,

O SECRETARIO,

Asdo.- José C. Sánchez Presedo

